

PERCORRIDO

O concello de Carballedo posúe unha interesante riqueza Patrimonial, e non soamente polas características propias de cada edificación senón tamén polo enclave natural no que se atopan.

Comezamos esta ruta no lugar de A Barrela, partimos pola LU-P1001 dirección Castro, antes de saír de A Barrela a 270m collemos un desvío á esquerda que tras 800m nos leva ata a igrexa de Santiago de Lousada.

Volvemos sobre os nosos pasos ata a intersección coa estrada N-540 na que collemos dirección Chantada; A 2.2km debemos coller a dereita por o paso elevado e continuar á novamente á dereita por unha pista paralela á N-540. A 240m desvío a esquerda e a 250m atopámonos diante da igrexa de Santiago de Pradeda.

Sáímos novamente á N-540 dirección á Ourense, e a 5km de A Barrela desviámonos á esquerda cara Santa Baia do Búbal. A 1.7km na entrada do pobo collemos un camiño á dereita que tras 170m nos deixa diante da porta da igrexa de Santa Baia do Búbal.

Volvemos agora á Barrela e na segunda intersección coa N-540, desviámonos á esquerda dirección Cea, primeiro pola LU-P1002 ata que a 500m collemos á dereita a LU-901 pola que circulamos durante 5km ata o lugar de a Tolda . Collemos ó primeiro desvío á dereita cara á Aguada, a onde chegaremos despois de 1.2km. Á esquerda da estrada podemos ver á igrexa de Santa Baia de Aguada.


DETALLES



MODILLÓN DE
SANTIAGO DE LOSADA



VENTÁ ÁBSIDE DE PRADEDA



VENTÁ ÁBSIDE DE
SANTA BAIÁ



MODILLÓN DE AGUADA

Bibliografía:

- Boletín Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo.
- Inventario Artístico de Lugo y su provincia. VV.AA.
- El Románico de Lugo y su Provincia. J. Delgado



CARBALLEDO

ROMÁNICO DE MONTAÑA



UNHA PORTA Á NATUREZA

SANTIAGO DE LOUSADA

No 1333 Vasco Pérez de Temes outorga testamento no que di “ e mando enterrar a miña carne no mosteiro de Santiago de Losada e encomendarlle a miña alma”.

Do desaparecido cenobio non se conserva nada a excepción do templo parroquial. Un templo anterior puido estar situado na limítrofe poboación de Sampaio.

Esta igrexa sofre nunha reedificación do século XVIII perdendo o frontispicio e fragmentos da nave, a bóveda e a ábsida. Tamén se traslada o sarcófago do señor Vasco de Temes do centro da igrexa a un lateral.

Esta igrexa é de nave única con planta rectangular. De época románica consérvase a silueta tapiada dunha porta con arco e tímpano semicircular no muro norte, o muro testeiro ca nave, o arco triunfal, e a ventá troneira da ábsida. No interior consérvase o arco triunfal con dúas arquivoltas de medio punto que perfila outro arco exterior. As columnas do arco triunfal están compostas por base e plintos con garras e os capiteis son con decoración de follas con volutas, destacando no da esquerda unha cara entre as follas. Sobre o arco triunfal destaca unha pequena ventá troneira con capiteis decorados con aves afrontadas no esquerdo e un entrelazado con unha cabeza no da dereita.

Ó exterior a ábsida divídese en cinco sectores. Na parte semicircular ábrese tres troneiras, unha delas, a da parte norte, oculta pola construción da sancristía; So presenta decoración a do tramo central, con columnas de capiteis con decoración vexetal sobresaíndo no capitel esquerdo, unha cabeza. Todo o tramo absidal está decorado con un total de once modillóns, dous deles case ocultos polo tellado da sancristía.



SANTIAGO DE PRADEDA

Edificio do século XII, no que ó exterior de época románica so se conserva a ábsida rectangular sen bóvedas.

A porta principal ábrese cun arco de medio punto e no muro sur ábrese outra porta cas mesmas características. O beiril o largo da nave e a ábsida, sostense en modillóns sen ornamentación.

No muro exterior da ábsida ábrese unha ventá con arco de medio punto, que se sostén sobre dúas columnas. A da esquerda presenta garras na base e tres animais entrelazados polo capitel; No capitel dereito destaca un cuadrúpedo con extenso pescozo. Sobre esta ventá, no muro, destaca un curioso modillón ca cabeza dun carneiro.

No interior, o arco , descansa sobre columnas de base clásica e capiteis con decoración. O capitel da dereita con grandes follas, patas con garras e un cuadrúpedo. O capitel esquerdo presenta un home cos brazos estendidos que separa dous cuadrúpedos, e unha cabeza de animal ca boca aberta.



SANTA BAIA DO BUBAL

O templo presenta ábsida da segunda metade do século XII e nave do XVIII.

Ó exterior , destaca a ventá do muro testeiro, que presenta arco de medio punto con arquivolta decorada e columnas acodilladas con capiteis de follas. A cornixa presenta modillóns xeométricos.

No interior, o arco triunfal é de medio punto con arquivolta dobrada de sección rectangular.

Nótase a existencia de pinturas murais do século XVI, baixo a cal.



SANTA BAIA DA AGUADA

É unha obra de principios do século XIII, a excepción da fachada e a torre das campás que son de principios do século XIX.

A porta dereita presenta arco apuntado con arquivolta, columnas con capiteis variados, e tímpano exento de ornamentación que se sostén sobre mochetas decoradas.

A porta do muro esquerdo é con lintel, que oculta arco semicircular, e en cada lateral ábrese un par de troneiras con arco que están exentas de decoración.

A ábsida presenta arco triunfal sobre columnas con capiteis de decoración vexetal e de aves. A bóveda é de canón.

A ventá testeira ó exterior presenta arco de medio sobre columnas con capiteis de follas.

A cornixa está decorada con modillóns variados.

No interior os dous tramos da ábsida divídense por unha columna con capitel decorado con tres figuras humanas. A da parte esquerda perdeuse ó construír a sancristía.

